



XUNTA
DE GALICIA



BIBLIOTECAS
ESCOLARES
DE GALICIA



*A imaxe é un retallo do cartel da campaña das bibliotecas escolares para o curso 2023-24,
"Unha biblioteca en viñetas", creado por Jorge Campos.*

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24

RELATORES



18 DE NOVIEMBRE DE 2023



PAZO DE CONGRESOS ES EXPOSICIÓNS DE GALICIA

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Miguel Anxo Prado Planas

Miguelanxo Prado desenvolve o seu traballo creativo como pintor, ilustrador, guionista, ilustrador de prensa, director de animación e, moi principalmente, autor de cómic.

Entre os seus libros cabe sinalar títulos como *Trazo de xiz* (un dos libros máis premiados internacionalmente do cómic contemporáneo), *Quotidianía delirante*, *Ardalén* (Premio Nacional, premio da Crítica Especializada, premio mellor libro do ano do Salón do Cómic de Barcelona, entre outros), *Presas Fáctiles* (premio do festival de Amadora, premios Diario de Avisos ao mellor guión e ao mellor debuxo realista, e premio Mor Vran, en Francia) ou *O Pacto do Letargo* (premio Diario de Avisos e premio Bandas Desenhadas, en Portugal) e recibiu en dúas ocasións o premio á mellor obra no F.I.B.D. de Angoulême e en seis ocasións premios no Salón de Barcelona. Ilustrou libros de escritores como Laura Esquivel (*A Lei do Amor*), Gonzalo Torrente Ballester (*O conto de Sirena*), Agustín Fernández Paz (*As flores radiactivas*, *Cos pés no aire*, *Fantasmas de luz*) ou Manuel Rivas (*Contos de Nadal*, *A lingua das bolboretas*, *Balaperdida*).

No campo audiovisual, entre outros traballos, é o creador de personaxes e director de estilo da serie de debuxos animados *Men in Black*, producida por Steven Spielberg, creador do *Xabarín* da Televisión de Galicia e a súa serie "*Os Vixilantes do Camiño*" e creador e director da longametraxe de animación *De Profundis*, en colaboración co músico Nani García.

Creou e dirixiu desde 1998 ata 2022 o festival de cómic "Viñetas desde o Atlántico", que se celebra anualmente no mes de agosto na Coruña.

É académico numerario da Real Academia Galega de Belas Artes.

Imprescindibles Bedetecas

O século XX aportou á Historia da Arte dúas linguaxes: o cine e a banda deseñada. Logo de máis dun século de evolución e desenvolvemento, ambas aportaron xa unha longa lista de obras imprescindibles para comprender a arte e a cultura contemporáneas. Falando particularmente do cómic, a necesidade do coñecemento desas achegas na bagaxe cultural dunha persoa ben formada, a posibilidade do seu uso como medio expresivo e de comunicación accesible, e o seu inmenso valor como materiais de apoio en calquera das materias dos plans de estudos fan inescusable, irrenunciable e imprescindible a súa presenza nas bibliotecas dos centros.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Xosé Antón Vilaverde Santamariña e Sira González Rodríguez

Toño Vilaverde declárase "lector de calquera cousa que caera nas miñas mans dende hai máis de 40 anos". É dependente de Alita Cómic dende o ano 2010. Estudou psicoloxía, mais nunca chegou a ter titulación. Nas súas palabras, "Non son autodidacta porque o devir da vida sempre me cruzou con xente da que aprender cousas."



Sira González é Licenciada en Documentación e Máster en Bibliotecas Escolares. Leva desempeñando a súa labor bibliotecaria na Biblioteca Municipal Os Rosales da Coruña dende o ano 2009. Coordinadora de clubs de lectura e responsable da comiteca, nos últimos anos imparte

formacións tanto a persoal docente como a compañeiras bibliotecarias da Rede de Bibliotecas de Galicia sobre a formación da colección de cómic nos seus centros e a súa promoción entre o público lector.

O seu obxectivo é dobre: romper prexuízos con respecto ao medio e achegar a súa lectura a todos os tramos de idade cos que traballamos, no seu caso de 0 a 100 anos.

A banda deseñada nos clubs de lectura: pautas para a súa selección e lectura

Na súa intervención introduciran nos na lectura da banda deseñada e falarannos sobre o panorama actual das coleccións da mesma nas Bibliotecas dándonos pautas para a súa selección e dinamización nas etapas de infantil, primaria e secundaria.

Abordarase tamén a presenza da banda deseñada nos clubs de lectura das bibliotecas e a forte inxerencia do alumnado polo manga.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Jorge Campos Sánchez

Jorge Campos (Ourense, 1982) é ilustrador e arquitecto, e defínese como ilustratecto.

Como ilustrador, o seu traballo céntrase no ámbito do cómic e da ilustración infantil e xuvenil. Obtivo o primeiro premio en varios certames e impartiu cursos de cómic en escolas e institucións. No 2018, a súa obra 'Alter·nativo' (Aira Editorial) obtivo o premio ao Mellor libro de banda deseñada na Gala do Libro Galego. Recentemente ven de publicar traballos a nivel nacional e en Francia.

Tamén realizou portadas e maquetacións de libros, ilustracións para web, así como deseño de logotipos, carteis, camisetas, calendarios, mapas e xogos.

Actualmente, desenvolve tanto encargos coma proxectos persoais e colabora de forma puntual con varios estudos de arquitectura.

Entre os seus recoñecementos conta co primeiro premio do Certame de Cómic de Cangas en tres edicións consecutivas (2015, 2016 e 2017), co primeiro premio no concurso para ilustrar o mural do Museo da Música de Barbadás e formou parte do equipo gañador do Premio Juana de Vega de Arquitectura no ano 2011.



<http://www.behance.net/ilustratecto>



www.twitter.com/ilustratecto



www.facebook.com/jorgecampos.ilustratecto



www.instagram.com/ilustratecto

Obradoiro de Iniciación á Banda Deseñada

Obradoiro de Iniciación á banda deseñada dirixido a quen toma por primeira vez contacto co medio, así como a aqueles que queiran redescubrir as bases sobre as que se asenta esta arte.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Daniel Cassany

Daniel Cassany é investigador en Análise do Discurso na Universitat Pompeu Fabra (Barcelona).

Publicou máis de 15 monografías sobre letrismo como *Describir el escribir* (1988); *La cocina de la escritura* (1996); *Construir la escritura* (1999); *Tras las líneas* (2006); *Afilar el lapicero* (2007), *Para ser letrados* (2009), *En_línea: leer y escribir en la red* (2012), *Laboratorio lector* (2019) ou *Enseñar lengua* (1993, en coautoría), ademais de arredor de 100 artigos científicos. Foi profesor invitado en institucións de máis de 25 países en Europa, América e Asia. O seu último libro é *Metáforas sospechosas* en Anagrama. <https://linktr.ee/danielcassany>

Mediar a lectura entre fans e redes sociais

A maioría de adolescentes e mozos pasan hoxe moitas horas na rede, divertíndose con actividades moi variadas de carácter popular, multimodal, plurilingüe e interactivo, como a música, o fanfic, as series, os videoxogos, o cómic, os deportes, os youtubers e os influencers, etc. Alí publican contidos, fan amigos, enrólanse en tribos dixitais e adquiren moitos coñecementos (idiomas, formas culturais) e destrezas (aplicacións, recursos) extracurriculares. Pero seguen tendo dificultades para ler, para comprender e para ser críticos con este mundo atractivo e irresistible.

Nesta conferencia, presentaranse varios exemplos destes mozos, analizarase o que aprenderon, o que seguen descoñecendo e as dificultades que teñen para facelo. Revisaremos como podemos axudarlles dende a biblioteca escolar a desenvolver hábitos de lectura e prácticas de comprensión crítica.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Xulia Pisón

Estudou o Grao de Enfermería e traballou como enfermeira durante uns anos, até que decidiu cambiar de rumbo vital e cursou o Ciclo Superior de Ilustración na EASD Pablo Picasso da Coruña, acadando o Premio Extraordinario de Ensinanzas Artísticas no ano 2018. Paralelamente autoeditou diversas obras propias: McCactus, (∞ -1), Legado e outras colaboracións en obras colectivas en fanzines e revistas, cultivando xéneros dende humor gráfico ata Sci-fi. Tamén levou a cabo traballos de ilustración como freelance para algunhas editoriais como Xerais, Baia, Unidad Editorial, e para diferentes institucións e organizacións como a Xunta de Galicia, Concello da Coruña, CIM-UVigo, etc.

Entre os seus cómics destacan os de divulgación científica como *O Mundo Oculto* (2018) e *Microalgas, O Mar de Ardora* (2020), realizados coa Universidade da Coruña e a última e recente entrega *Microalgas, Máis alá da Terra* (2023) de recente autoedición. *The Drop* (2022), un estudo sobre o soño realizado coa técnica do anaglifo (3D), e a principios do ano 2023 publicouse *Irene, a porteira*, cómic realizado co guionista Oscar Losada, acerca da pioneira do fútbol feminino galego Irene González.



<https://www.behance.net/xuliapison>



<https://www.instagram.com/xuliapison>

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Alberto Dafonte Gómez

É Profesor Titular no departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo, Doutor en Comunicación Audiovisual e Publicidade pola Universidade de Vigo (2010) e Máster en Educación e TIC (e-learning) pola Universitat Oberta de Catalunya (2018).

As súas liñas de investigación céntranse na comunicación en redes sociais e os medios dixitais, con especial énfase no fenómeno da desinformación.

Desenvolve a súa actividade investigadora dentro do grupo SEPCOM (Investigación en Comunicación para o Servizo Público) da Universidade de Vigo onde foi co-Investigador Principal entre 2020 e 2023 do proxecto "Narrativas digitales contra la desinformación: estudio de redes, temas y formatos en los fact-checkers iberoamericanos", financiado pola Axencia Estatal de Investigación.

No ámbito docente, imparte as materias "Propaganda en medios audiovisuales" no Grao en Comunicación Audiovisual, "Producción publicitaria en la web y multimedia" no Grao en Publicidade e Relacións Públicas e "Ecosistema de medios sociales y herramientas digitales" no Máster en Comunicación en Medios Sociais e Creación de Contidos Dixitais.

Coordina o Grupo de Innovación Docente DIXITAIS da Universidade de Vigo que dende o ano 2016 traballan na alfabetización dixital e mediática e na integración da tecnoloxía na docencia.

É membro da Asociación Española de Investigación en Comunicación (AE-IC) e da Cátedra UNESCO en Educación Transformadora: Ciencia, Comunicación y Sociedad de la Universidade de Vigo.

Loita contra a desinformación: conceptos clave e recursos

A diario estamos expostos a unha chea de informacións falsas e enganosas que pretenden influír na nosa percepción e opinión sobre a realidade social presentando datos tendenciosos, descontextualizados ou directamente inventados. Estas novas falsas, manipulacións e medias verdades poden chegarnos a través de medios de comunicación, redes sociais ou grupos de WhatsApp e, ás veces, mesmo podemos contribuír nós mesmos, sen querer, a espallalas. Nesta conferencia presentaremos os distintos tipos de desinformación aos que alguén se pode ver exposto, as estratexias que usan os creadores e creadoras de desinformación para espallar os seus contidos e as motivacións que inflúen en que os compartamos nas redes sociais pero, sobre todo, ofreceremos estratexias e ferramentas para identificar contidos falsos e actuar fronte a eles como cidadáns e docentes.

XORNADA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA

CURSO 2023-24



Xabier Martínez Rolán

Xabier Martínez Rolán é profesor e investigador en comunicación en liña e marketing dixital, vinculado á Universidade de Vigo como Profesor Titular de Universidade.

Ten un doutoramento en Comunicación pola mesma universidade e imparte clases de aplicacións móbiles, comunicación alternativa e marketing online nos graos de Comunicación Audiovisual e Publicidade e Relacións Públicas.

Coordina o Grupo de Innovación Docente “Academ-IA: Intelixencias Artificiais en Educación”

As súas liñas de investigación abarcan temas como a comunicación en liña e en mobilidade, o uso das intelixencias artificiais xenerativas, os novos formatos publicitarios e as comunidades virtuais.

A IA como a túa compañeira creativa: colaborando con máquinas para ser máis eficaz no día a día

Na presentación “A IA como a túa compañeira creativa: colaborando con máquinas para ser máis eficaz no día a día,” exploramos o potencial da intelixencia artificial para mellorar a nosa vida cotiá. Descubrimos como a IA xenerativa pode ser unha aliada na estimulación da creatividade, axudándonos a automatizar tarefas repetitivas e a aumentar a nosa eficiencia. A través de exemplos prácticos, amosaremos como a colaboración coas ferramentas de xeración de texto, imaxe, vídeo e audio sintético poden levar a unha vida máis produtiva e enriquecedora, tanto no ámbito laboral como no persoal.



XUNTA
DE GALICIA